

Vilaselán acolle unha nova proxección das curtas gravadas na sección *A Toda Mecha* do Festival On&Off de Ribadeo

Será nos arredores da Igrexa Parroquial a partires das 22.30 horas

Ribadeo, 21 de agosto de 2007. Os exteriores da Igrexa Parroquial de Vilaselán (Ribadeo) acollerán o próximo xoves día 23 de agosto, ás dez e media da noite (22.30 horas) unha nova proxección das curtas gravadas na sección *A Toda Mecha* do Festival Creativo de Curtas On&Off que se desenvolveu en Ribadeo a comezos de agosto. A proxección forma parte da programación de verán da Delegación de Cultura do Excmo. Concello de Ribadeo que coordina a concelleira Mari-Luz Álvarez Lastra.

Serán en total 17 filmes, 14 da sección a concurso e 3 realizados polos directores convidados, que se gravaron nun tempo récord, tres días, nos cais tiña que estar culminada a produción de cada unha das curtametraxes.

Un dos responsábeis de Mr.Misto Films, Xoán Mariño, sinalou que “nos interesaba amosar ao público ribadense que foi o que se fixo na vila durante eses días. Tratamos de facelo o domingo día 5 pero o mal tempo obrigounos a mudalo para o Cine-Teatro pero agora agardemos que a climatoloxía nos acompañe e poidamos disfrutar ao aire libre das creacións feitas *A Toda Mecha*”.

Mariño recordou que o vivido en Ribadeo durante eses días foi algo “inédito” no panorama audiovisual estatal pois segundo dixo “en ningún festival se asume o reto de gravar 17 curtametraxes e estrealas en tan pouco tempo, un desafío tanto para nós organizadores como para os propios directores”.

Dende Mr.Misto Films resalataron tamén a presenza que a vila de Ribadeo tivo na gravación das curtametraxes. “Ribadeo estivo presente como localización, tanto a propia vila como tamén as súas parroquias, e tamén proporcionando actores e actrices ás curtas co cal se implica á xente no desenvolvemento do propio festival”, engadiu Xoán Mariño, de Mr.Misto Films.

As curtas que se van proxectar son as dos tres directores convidados pola organización:

- *No tardes* – Alber Ponte – Con exteriores nas parroquias da Devesa, Rinlo e Vilaselán e presenza de actores ribadenses
- *1936, Ribadeo* – Jairo Iglesias – Gravada na Praia das Catedrais.
- *Mariñeiro* – Irmáns Javi & Kiko Prada – Gravada no lugar de Remourelle

Así como as 14 pezas presentadas a concurso e nas cais boa parte do elenco artístico e todas as localizacións son de Ribadeo:

Grupo 1: (non concursou por entrega fóra de prazo)

- Título da curtametraxe: Límite 12 horas.
- Director: Marcos Nine.

Grupo 2:

- Título da curtametraxe: Love is in the air.
- Director: Dani Chamorro.

Grupo 3:

- Título da curtametraxe: A miña herdanza.
- Director: Manuel Vázquez González (Manolo Farero).

Grupo 4:

- Título da curtametraxe: O talento do señor Carrack.
- Director: Juan de Oliveira.

Grupo 5:

- Título da curtametraxe: Miguelito.
- Director: Santiago de Lucas.

Grupo 6:

- Título da curtametraxe: Operación Cantón.
- Director: Ismael Teijeiro.

Grupo 7:

- Título da curtametraxe: Espera.
- Director: Jairo Aldana.

Grupo 8:

- Título da curtametraxe: La calle es tuya.
- Director: Carlos Pérez Santamaría.

Grupo 9:

- Título da curtametraxe: Case sempre.
- Director: José María Picón.

Grupo 10: (gañador)

- Título da curtametraxe: Sen escrúpulos.
- Director: Carlos Seijo.

Grupo 11:

- Título da curtametraxe: Da compra á cesta.
- Director: Juan José García Rodicio.

Grupo 12:

- Título da curtametraxe: Freak Paradise.
- Director: Xaime Miranda, Mario Lugilde, Iván Fernández.

Grupo 13:

- Título da curtametraxe: O tren da vida.
- Directora: Andreia Taboas Teijeira.

Grupo 14:

- Título da curtametraxe: O Suso.
- Directora: Lara Bacelo González.
-

Grupo 15:

- Título da curtametraxe: Os quitadores de ferro.
- Director: Enrique Hermida Armada.

As curtametraxes realizadas no marco da sección *A Toda Mecha* optaban a un premio de 3.000 euros e a un misto de pau. O filme gañador foi *Sen Escrúpulos* de Carlos Seijo.

SAÚDOS

Mr.Misto Films - Comunicación